



## ÁMBITOS INCLUSIVOS DE APRENDIZAJE: "EN TUI XOGAMOS TODOS E TODAS"



**MESTRA:** María José Rodríguez Alegre

**ÁMBITOS DE APRENDIZAXE INCLUSIVOS:** Ámbito Creavisual

**CONTEXTO:** 4º, 5, 6º de educación infantil

**CURSO:** 2023/2024



# 1. IDENTIFICACIÓN

<b>TÍTULO DA TAREFA:</b>	EN TUI XOGAMOS TODOS E TODAS. TAREFA 2		
<b>ETAPA:</b>	Educación Infantil	<b>NIVEL:</b>	4º, 5º e 6º Educación Infantil
<b>ÁREAS:</b>	Comunicación e representación da realidade Crecemento en harmonía Descubrimento e exploración da contorna	<b>PROFESORADO:</b>	María José Rodríguez Alegre Tódalas especialistas que rotaron polo ámbito.
<b>DESCRIPCIÓN:</b>			
<p>O noso produto final será un vídeo breve feito coa técnica Stop-motion no que se solicita ao alcalde de Tui unha randeeira adaptada a nenos e nenas con mobilidade reducida. Este vídeo proxectarase no noso IV Congreso #ODS2030.</p> <p>Con este video pretendemos difundir entre a comunidade educativa a necesidade de ter un patio inclusivo. Este produto final terá como eixo o obxectivo de desenvolvemento sostible número 10: redución das desigualdades.</p> <p>A lingua vehicular será a lingua inglesa utilizando a lingua galega e castelá como apoio cando así o precise o alumnado.</p>			
<b>XUSTIFICACIÓN:</b>			
<p>Ó nivel legislativo, un dos obxectivos principais do Proxecto Educativo do centro é facilitar os recursos necesarios para alcanzar unha inclusión respectuosa coas individualidades de cada alumno o alumna e enriquecedora para todo o colectivo escolar. A este obxectivo hai que engadir o feito de que entre a ampla diversidade de capacidades do noso alumnado, atópase un alumno con movilidade reducida. Por outra banda, no Consello dos nenos e nenas da escola, un dos representantes do alumnado reclama a necesidade dunha randeeira adaptada. Todos estes factores fundamentan a necesidade do noso produto final.</p>			
<b>CONTEXTO:</b>			
Aula de Educación Infantil			

## 2. CONCRECIÓN CURRICULAR

ACTIVIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN / OBXECTIVO	INSTRUMENTO E PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN
<p><b>Moitas formas de ver</b> Motivación inicial. Primeiro martes</p>	<p>CA1.3. Mostrar aceptación e respecto polo propio corpo e polo das demais persoas, mellorando progresivamente no seu coñecemento e recoñecendo as súas limitacións.</p> <p>CA1.7. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.</p>	<p>- Escala de valoración</p> <p>- Rexistro da observación directa</p>
<p><b>Somos guionistas</b> Primeiro xoves</p>	<p>CA5.4. Identificar os elementos que conforman unha narración en distintos soportes.</p> <p>CA2.7. Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.</p> <p>CA2.2. Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.</p>	
<p><b>Somos escenógrafos/escenógrafas</b> Segundo martes</p>	<p>CA1.3. Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.</p> <p>CA2.5. Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.</p>	
<p><b>Somos fotógrafos/ fotógrafas</b> Segundo xoves</p>	<p>CA7.4. Iniciarse na diferenciación entre o feito plástico e audiovisual-tecnolóxico como un medio de representación e a propia realidade, avanzando nunha actitude crítica e respectuosa. CA9.3. Utilizar</p>	

	<p>intuitivamente diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais.</p> <p>CA7.1. Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable</p>	
--	---	--

### CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA

- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.
- Achegamento á diversidade funcional e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.

SESIÓNS	ACTIVIDADE/EXERCICIO 1	ACTIVIDADE/EXERCICIO 2	ACTIVIDADE/EXERCICIO 3
<p><b>1. Moitas formas de ver</b></p>	<p><b>1.1 Lembraste?</b></p> <p>A través do instrumento de avaliación inicial “as catro esquinas”, o alumnado deberá avaliar as catro actividades que se fixeron na tarefa número 1.</p> <p>Para iso, introducirase o vocabulario relacionado cos gustos e graduará as diferentes actividades empregando o soporte de agrado número 1.</p> <p>Vocabulario a traballar: I like, I don't like, I love and I hate.</p>	<p><b>1.2 O libro negro das cores</b></p> <p>Presentarase ao alumnado o libro “El libro negro de los colores”, e no círculo pediráselles que fagan unha hipótese sobre o significado e funcionalidade dos puntiños que aparecen ao longo do libro.</p>	<p><b>1.3 Como de difícil é pasear pola nosa escola cos ollos pechados?</b></p> <p>Invitarase ao alumnado a pasear polos corredores da escola cos ollos pechados. O alumnado, agrupado por parellas, paseará por quendas, onde un será o guía e o outro a persoa cega.</p> <p>O alumnado vai graduar o nivel de dificultade de camiñar polos corredores do colexio cos ollos pechados. Esta avaliación da dificultade farase empregando o soporte de dificultade número 2 e en dous momentos coa rutina de pensamentos antes pensaba e agora penso.</p> <p>Vocabulario a traballar: easy-peasy, easy, normal, difficult, impossible.</p>
<p><b>2. Somos guionistas</b></p>	<p><b>2.1 Érase unha vez... Once upon a time...</b></p>	<p><b>2.2 Creamos o guión da nosa historia</b></p>	<p><b>2.3 Inventamos historias</b></p>

	<p>No círculo falaremos sobre a existencia das diferentes partes dunha historia (presentación, nó, desenlace).</p> <p>Cada equipo base de 4 membros terá o soporte secuencial número 3 da historia dos tres porquiños e deberán consensuar a orde da historia.</p> <p>A continuación, volveremos ao círculo no que a mestra presentará un panel Scrum con catro imaxes que se corresponden coas catro partes da nosa historia (contextualización, presentación situación problema, presentación posible solución e por último, a reivindicación)</p> <p>De forma grupal, consensuarase a orde que deberá ter a nosa historia.</p>	<p>No círculo a mestra presentará ao alumnado o panel Scrum no que aparecerán as catro partes da nosa historia.</p> <p>1º. Contextualización (presentación da cidade de Tui, escola e alumnado) (Grupo 1)</p> <p>2º. Presentación da situación problema (non hai randeiras adaptadas) (Grupo 2)</p> <p>3º. Presentación dunha posible solución (presentación dos nosos deseños) (Grupo 3)</p> <p>4º. A nosa reivindicación (petición ao alcalde) (Grupo 4)</p> <p>A mestra dirixirá a atención do alumnado cara a parte coa que lle corresponde traballar a ese grupo do ámbito e empregando o obxecto da palabra o alumnado creará de forma colectiva o guión da súa parte da historia. Ao mesmo tempo, a mestra irá tomando nota dos acordos aos que se chegue.</p>	<p>No círculo e empregando o material “dados para historias”, en gran grupo o alumnado creará unha historia colectiva.</p>
--	---	---	--

<b>3. Somos escenógrafos/ escenógrafas</b>	<p><b>3.1 Deseñamos o noso escenario</b></p> <p>En función da parte da historia que teña asignado cada grupo do ámbito, o alumnado creará os elementos do escenario que correspondan a súa parte da historia.</p> <p>A técnica a empregar será o debuxo sobre cartolina e a creación de pequenas esculturas a través do recorte dos debuxos e a utilización dunha “pestaña” para mantelas en pé.</p> <p>Axúntase titorial sobre a técnica a empregar:</p> <p>Pellizcos, capítulo 19. Plano sobre plano. Gael Zamora.</p> <p><a href="https://vimeo.com/751979971">https://vimeo.com/751979971</a></p>	<p><b>3.2 A miña personaxe</b></p> <p>O alumnado creará de xeito individual a súa personaxe para ser engadida posteriormente ao noso escenario. Utilizarase a mesma técnica coa que se farán os resto dos elementos do escenario.</p>	
<b>4. Somos fotógrafos/ fotógrafas</b>	<p><b>4.1 La pequeña oruga glotona” (stop motion)</b></p>	<p><b>4.2 Experimentamos coa técnica stop-motion</b></p>	<p><b>4.3 Somos narradores e narradoras</b></p>

	<p>En gran grupo o alumnado verá o vídeo “La pequeña oruga glotona” feito coa técnica stop motion.</p> <p>Conto infantil “La pequeña Oruga glotona” Stop motion.</p> <p><a href="https://www.youtube.com/watch?v=3tHN2WfJldc&amp;t=51s">https://www.youtube.com/watch?v=3tHN2WfJldc&amp;t=51s</a></p> <p>Despois de visualizar o vídeo, a mestra explicará ao alumnado en que consiste a técnica de stop motion.</p>	<p>O alumnado terá a posibilidade de experimentar coa técnica stop-motion e darlle vida a diferentes elementos da aula.</p>	<p>Un representante de cada equipo base traballará coa mestra na gravación do audio da parte da historia correspondente.</p>
--	--	---	--



## 4. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (2)

ACTIVIDADES E EXERCICIOS	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
<b>Moitas formas de ver</b>	Aula de Educación Infantil	Gran grupo	Panel Scrum Antifaces e picas Soporte graduación dificultade	Martes 9:30/10:50
<b>Somos guionistas</b>	Aula de Educación Infantil	Gran grupo Equipo 4 nenos/as	Panel Scrum Soporte secuencia conto tres porquiños	Xoves 9:30/10:50
<b>Somos escenógrafos/ Escenógrafas</b>	Aula de Educación Infantil	Gran grupo	Panel Scrum Diferentes materiais funxibles	Martes 9:30/10:50
<b>Somos fotógrafos/ fotógrafas</b>	O patio da escola Aula de Educación Infantil	Gran grupo Equipo 4 nenos/as	Panel Scrum Tablet Vídeo: “La pequeña Oruga glotona” Stop motion. <a href="https://www.youtube.com/watch?v=3tHN2WfJldc&amp;t=51s">https://www.youtube.com/watch?v=3tHN2WfJldc&amp;t=51s</a>	Xoves 9:30/10:50

## 5. AVALIACIÓN

ASPECTOS A AVALIAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN
<b>ENSINANZA-APRENDIZAXE (ALUMNADO)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Escala de valoración</li> <li>- Rexistro da observación directa</li> </ul>	<p><b>Como?</b> Mediante observación directa e sistemática.</p> <p><b>Quen?</b> A mestra coordinadora do ámbito e as especialistas que interveñen.</p> <p><b>Cando?</b> Ao remate de cada sesión de ámbito a titora e a especialista fan unha posta en común. Esta información será compartida coas compañeiras do equipo de ciclo co obxectivo de coñecer a evolución do alumnado e o seu avance nos diferentes ámbitos.</p>
<b>PRÁCTICA DOCENTE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ficha de recollida de información</li> </ul> <p><a href="https://docs.google.com/presentation/d/1Qh9sZSdFAyD3VZeKO9GPfP0r01XR1sMa/edit#slide=id.g1ea519a1f17_0_18">https://docs.google.com/presentation/d/1Qh9sZSdFAyD3VZeKO9GPfP0r01XR1sMa/edit#slide=id.g1ea519a1f17_0_18</a></p>	<p><b>Como?</b> Cumprimentando a ficha.</p> <p><b>Quen?</b> A mestra coordinadora do ámbito e as especialistas que interveñen.</p> <p><b>Cando?</b> Ao remate de cada sesión de ámbito a titora e a especialista fan unha posta en común. Esta información será compartida coas compañeiras do equipo de ciclo co obxectivo de mellorar e enriquecer a práctica educativa.</p>